

**Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 21 de maio de 2018, polo que se designan os membros da Mesa de Contratación da Administración do Parlamento de Galicia**

O Regulamento de organización e funcionamento da Administración do Parlamento de Galicia (DOG nº 87, do 7 de maio de 2018) establece no seu artigo 24 a composición da Mesa de Contratación da Administración do Parlamento de Galicia nos termos seguintes:

*«Artigo 24. Mesa de Contratación*

A Mesa de Contratación da Administración do Parlamento estará constituída por unha presidenta ou un presidente —que será un membro da Mesa do Parlamento—, unha secretaria ou un secretario —que será a secretaria ou o secretario da Mesa do Parlamento— e catro vogais, designados polo órgano de contratación. Entre os vogais deberá figurar necesariamente unha persoa ao servizo do órgano de contratación que teña atribuídas funcións correspondentes a asesoramento xurídico e outra que teña atribuídas as relativas ao seu control económico-orzamentario.»

Tendo en conta que desta composición unicamente se deduce a identidade do presidente da Mesa de Contratación, D. Diego Calvo Pouso, e a da secretaria, D<sup>a</sup> Raquel Arias Rodríguez, cómpre designar o resto de persoas que formarán parte do dito órgano e mais os seus suplentes, coa finalidade de que os interesados nos procedementos de contratación poidan coñecer a identidade de todos os seus membros e exercer os seus correspondentes dereitos.

En consecuencia, ao abeiro do disposto nos artigos 3 e 24 do Regulamento de organización e funcionamento da Administración do Parlamento de Galicia, adóptase o seguinte acordo:

1. Designar como membros titulares da Mesa de Contratación da Administración do Parlamento de Galicia, na súa condición de vogais, as seguintes persoas:

Vogal 1: D<sup>a</sup> Eva Solla Fernández, vicepresidenta 2<sup>a</sup>, ou D<sup>a</sup> Concepción Burgo López, vicesecretaria, que se alternarán nos distintos procedementos.

Vogal 2: D<sup>a</sup> María Aneiros González, letrada do Parlamento de Galicia.

Vogal 3: D<sup>a</sup> Carolina Costoya Pardo, interventora do Parlamento de Galicia.

Vogal 4: D. Javier Freire González, xefe do Servizo de Persoal e Réxime Interior.

2. Para o suposto de ausencia dos membros titulares, as súas suplencias realizaranse do xeito seguinte:

O presidente, D. Diego Calvo Pouso, será suplido pola vogal membro da Mesa do Parlamento que non forme parte da mesa de contratación dese procedemento concreto.

A secretaria, D<sup>a</sup> Raquel Arias Rodríguez, será suplida polo vogal D. Javier Freire González, xefe do Servizo de Persoal e Réxime Interior.

A letrada D<sup>a</sup> María Aneiros González será suplida polo letrado e as letradas seguintes: D. Juan Carlos Caride Puente, D<sup>a</sup> Purificación López Gómez ou D<sup>a</sup> Raquel Rodríguez Carro.

A interventora, D<sup>a</sup> Carolina Costoya Pardo, será suplida pola viceinterventora, D<sup>a</sup> Carmen Fernández Dasilva.

O vogal D. Javier Freire González será suplido polo funcionario do Servizo de Persoal e Réxime Interior D. José Ramón de la Fuente Rodríguez.

Santiago de Compostela, 22 de maio de 2018

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1<sup>o</sup>